

Referencia:	2019/8252C
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de Ordenanzas Fiscales
Interesado:	<p>CONCELLO DE AVION , CONCELLO DE BANDE , CONCELLO DE BALTAR , CONCELLO DE BEARIZ , CONCELLO DE BOBORAS , CONCELLO DE ENTRIMO , CONCELLO DA GUDIÑA , CONCELLO DE IRIXO , CONCELLO DE LAROUCO , CONCELLO DE LOBEIRA , CONCELLO DE LOBIOS , CONCELLO DE MUIÑOS , CONCELLO DE A PEROXA , CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR , CONCELLO DE PETIN , CONCELLO DE PORQUEIRA , CONCELLO DE PUNXIN , CONCELLO DE SAN AMARO , CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA , CONCELLO DE SAN XOAN DE RIO , CONCELLO DE SANDIAS , CONCELLO DE SARREOUS , CONCELLO DE VILAMARIN , CONCELLO DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS , CONCELLO DE AMOEIRO , CONCELLO DE BLANCOS , CONCELLO DE A BOLA , CONCELLO DE CALVOS DE RANDIN , CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS , CONCELLO DE O CARBALLIÑO , CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO , CONCELLO DE CASTRO CALDELAS , CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA , CONCELLO DE COLES , CONCELLO DE MANZANEDA , CONCELLO DE MONTEDERAMO , CONCELLO DE PADRENDA , CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES , CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA , CONCELLO DE RIBADAVIA , CONCELLO DE RÍOS , CONCELLO DE A RUA DE VALDEORRAS , CONCELLO DE RUBIA , CONCELLO DE A TEIXEIRA , CONCELLO DE TOEN , CONCELLO DE TRASMIRAS , CONCELLO DE A VEIGA , CONCELLO DE VIANA DO BOLO , CONCELLO DE XINZO DE LIMIA , CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO , CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS</p>
Representante:	
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE (457)	

INFORME ECONÓMICO sobre a variación dos custos do servizo provincial de xestión intermunicipal de r.s.u., en réxime de competencia delegada, para o ano 2019 e seguintes.

No expediente de referencia, e polas razóns que se indican nos antecedentes, emítase o presente **INFORME**:

I. Antecedentes:

- A Deputación Provincial de Ourense mantén, entre os programas de cooperación cos concellos da provincia, accións en materia de xestión de residuos, especialmente os chamados residuos municipais (tradicionalmente denominados residuos sólidos urbanos –RSU-). Unha de estas acción é a da xestión, en réxime de competencia delegada e con

carácter intermunicipal, da totalidade das fracción de RSU, tanto en contenedores de proximidade como en áreas de acopio (puntos limpos), consonte ó Convenio Marco aprobado pola Corporación Provincial en sesión ordinaria do 28 de decembro de 2012 e publicado no B.O.P. nº 3 do venres 4 de xaneiro de 2013.

- A este convenio están adheridos na actualidade 51 concellos da provincia (tramitándose a adhesión do nº 52). Neste cómputo non se inclúen concellos con delegación de só algunha das fracción de RSU ou só as achegas a puntos limpos, que alcanzan a cifra de 72, referíndonos en este informe exclusivamente a quen teñen delegada a xestión da totalidade das fraccións de RSU.
- O “Estudio económico de xestión intermunicipal de RSU, en réxime de competencia delegada, mediante unidade provincial única, para o ano 2014” (nº ref.: S.416/2013 JBV/jbv, de 04 de decembro de 2013) serviu de base para a elaboración e posterior aprobación pola Corporación Provincial na sesión Plenaria de 27 de xuño de 2014 da “Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense”, publicada no B.O.P. nº 203 do xoves 4 de setembro de 2014.
- Segundo o artigo 1.1 da devandita Ordenanza, as taxas aprobadas son de aplicación nos municipios seguintes:

- | | | |
|------------|-----------------------|----------------------------|
| • Avión | • Larouco | • Punxín |
| • Bande | • Lobeira | • San Amaro |
| • Baltar | • Lobios | • San Cristovo de Cea |
| • Bearíz | • Muiños | • San Xoán de Rio |
| • Boborás | • A Peroxa | • Sandiás |
| • Entrimo | • O Pereiro de Aguiar | • Sarreaus |
| • A Gidiña | • Petín | • Vilamarín |
| • O Irixo | • Porqueira | • Vilamartín de Valdeorras |

- A devandita Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense (BOP de 4 de setembro de 2014), ó través da súa Disposición Adicional, mantén a vixencia de ordenanzas provinciais anteriores. A saber: no seu apartado 1 mantén a vixencia da ordenanza anterior (BOP de 26 de decembro de 2009, nomeada de A Peroxa, Amoeiro e Vilamarín) para Amoeiro, no apartado 2.a mantén a vixencia da ordenanza anterior (BOP de 26 de decembro de 2009, nomeada de Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río) para Manzaneda e A Pobra de Trives, e no seu apartado 2.b mantén a vixencia da ordenanza anterior (BOP de 26 de decembro de 2011, nomeada de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Sandiás, Sarreaus e Trasmiras) para Os Blancos, Calvos de Randín e Trasmiras.
- Todas elas, aínda que organizadas conforme ás antigas unidades de xestión territorial (función dos antigos convenios de cooperación), teñen estrutura e tarifas comúns, conformando o segundo grupo de concellos:

- Amoeiro
- Os Blancos
- Calvos de Randín
- Manzaneda
- A Pobra de Trives
- Trasmiras

- Teñen a súa propia Ordenanza fiscal os concellos seguintes, pese a ter delegada a xestión de RSU na Deputación de Ourese:

- A Bola
- Carballeda de Vald.
- O Carballiño
- Castrelo de Miño
- Castro Caldelas
- Chandrexa de Queixa
- Coles
- Montederramo
- Padrenda
- Rairíz de Veiga
- Ribadavia
- Riós
- A Rúa
- Rubiá
- San Cibrao das Viñas
- A Teixeira
- Toén
- A Veiga
- Viana do Bolo
- Xinzo de Limia

Finalmente, Vilariño de Conso carece de ordenanza fiscal e non cobra taxa do lixo.

- A lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia, modificando a Lei 11/2013, de 26 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2014, crea unha bonificación na contía do canón unitario de tratamento por tonelada de residuos entregados a SOGAMA nunha porcentaxe que non exceda do 10% da cantidade que, en concepto de canon, estea vixente no ano inmediatamente anterior. Para poder beneficiarse da mencionada bonificación, as entidades locais deben solicitalo xunto coa declaración na que se comprometan a adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado, o importe equivalente ao da bonificación ás persoas beneficiarias do servizo mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que teñan establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos así como a redución dos residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva.
- Esta bonificación concrétase no 10% e faise efectiva para o ano 2019 por “Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 15 de Xaneiro de 2019 pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para o devandito ano”
- O 11 de febreiro de 2019 celebrouse no Centro Cultural Marcos Valcarcel unha xornada informativa, organizada polo Deputado Delegado de Cooperación de esta Deputación provincial, sobre esta cuestión, baixo o título:” Prezo e bonificación do canon unitario de Sogama para 2019”, na que se trasladou ós concellos convocados (os 51 adheridos ó convenio marco) que á vista dos prazos establecidos na norma citada, existen varias posibilidades: aprobar a modificación das ordenanzas con eficacia dende o ano 2019 (esperando a emitir os recibos ata que o trámite da modificación estivese rematado); aprobar a modificación e compensar os ingresos indebidos en concepto de bonificación (no suposto de que o recibo se cobrase con anterioridade a entrada en vigor da modificación) ou aprobar a modificación con eficacia dende o ano 2020 e incluír unha disposición adicional que contemplara a devolución do importe equivalente á bonificación do ano 2019 no primeiro recibo que se emita.

- O 18 de febreiro de 2019 celebrouse no salón de plenos do Pazo Provincial a Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control do Convenio Marco de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos da Provincia para a prestación do Servizo en réxime de Competencia Delegada e con carácter Intermunicipal, da recollida de R.S.U., tratándose esta cuestión no punto 4º da orde do día, e adoptándose o seguinte acordo: “solicitar a bonificación e realizar a modificación da Ordenanza fiscal provincial con eficacia dende o ano 2020 (incluíndo a disposición transitoria mencionada). Os concellos que contan con ordenanza propia porán optar por adherirse á Ordenanza fiscal provincial ou modificar a súa propia ordenanza”, coas excepcións de: Vilariño de Conso que non realizará actuación algunha ó non obter prestacións patrimoniais de carácter público por este concepto; Padrenda que non realizará actuación algunha (deixando a súa ordenanza nos termos vixentes a esta data); e Chandrexa de Queixa difire a súa decisión a un momento posterior.
- Esta decisión foi trasladada a Sogama en prazo (21 de febreiro de 2019), polo que Sogama ven aplicando a bonificación no canon unitario, condicionado a que antes do 29 de febreiro de 2020 se acredite o cumprimento das condicións sinalada e acordadas.
- Encárgase por parte do Deputado Delegado de Cooperación a esta Dirección de Área de Medio Ambiente, a emisión do estudo económico que cuantifique a repercusión que a aplicación da bonificación solicitada sobre o canon unitario de Sogama para o ano 2019 ten no custo do servizo intermunicipal prestado pola Deputación ós 51 concellos adheridos ó convenio marco de delegación, ós efectos de:
 - Determinar a rebaixa das taxas actuais da Ordenanza Fiscal Provincial para fixar os seus valores no ano 2020, así como o importe da bonificación a aplicar (unha única vez) no primeiro recibo de 2020 como compensación do cobrado no 2019.
 - Establecer un marco de actualización do importe das taxas para anos sucesivos mediante unha revisión periódica e predeterminada, consonte á normativa de desindexación de prezos do sector público
 - Aportar ós concellos que non opten pola Ordenanza Fiscal Provincial, o documento técnico que lles permita modificar as súas Ordenanzas Fiscais Municipais cara á

súa aplicación en 2020, incluíndo a bonificación a aplicar no primeiro recibo de 2020 como compensación do cobrado no 2019.

II. Consideracións técnicas previas:

- Tanto o estudio económico que serviu de base á fixación do importe das taxas da actual ordenanza fiscal provincial no ano 2014 (Nº Ref.:416/2013 de 04 de decembro), como os informes económicos que anualmente serven de base á proposta de liquidación do servizo e que establecen o custo repercutible a cada un dos concellos integrados no servizo, presentan unha estrutura de costes (e ingresos) desglosados en tres capítulos que poderíamos chamar “funcionais”, a saber: Contenerización, Recollida e Tratamento. Á súa vez, cada un destes capítulos se divide en outros que poderíamos chamar “económicos”, a saber: Man de obra, Maquinaria e Materiais, e as súas subdivisións.
- En ningún caso, no custo repercutido ós concellos (e polo tanto custo a trasladar ás taxas da correspondente ordenanza fiscal municipal) se inclúen os custos de estrutura da Deputación, gastos xerais nin concepto asimilable a beneficio industrial.
- Tódolos custos teñen a consideración de indispensables para a correcta realización da actividade, e están directamente asociados á actividade prestada.
- Os custos de persoal están suxeitos, en canto ó seu incremento ou revisión ás normas que rexen as retribucións do persoal ó servizo do sector público.
- Cumplense, por conseguinte, as condicións para as revisións de valores monetarios motivados por variacións de custes consonte ó R.D 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo de desindexación da economía española, máis concretamente aqueles nos que intervén o sector público.
- Para o caso concreto da bonificación de Sogama, a finalmente acordada para o ano 2019 é do 10% sobre o canon único de 2018, polo que a determinación da estrutura de custos e os pesos relativos de cada un dos capítulos se realizará sobre a liquidación practicada pola prestación do servizo delegado no exercicio económico de 2018.

III. Informe:

O cambio nos valores monetarios das distintas tarifas de unha taxa pódese facer por modificación da ordenanza fiscal ou por actualización ou revisión automática e predeterminada das mesmas.

A esixencia derivada das condicións para acceder á bonificación de Sogama implica unha modificación da ordenanza fiscal, cuxa cuantificación será obxecto do apartado A) de este informe.

Esta modificación pode incluír outras actualización derivadas de evolucións nos custos tanto á baixa como á alza, variacións que dependerán do estudo económico que serviu de base á elaboración da ordenanza, do ano de referencia, da última actualización das tarifas e da variación que o custo do servizo teña para a administración local. Isto imposibilita que en este informe se poida dar resposta á toda a casuística dos concellos con ordenanza fiscal propia. Por elo, faise unha análise da evolución do custo repercutido ós concellos dende o ano 2014, de xeito que os concellos interesados en trasladar a evolución nos X últimos anos o poidan facer (adicionalmente á bonificación de Sogama). Esta análise acométese no apartado B) do presente informe.

Como estas modificacións atenden exclusivamente ó condicionado do artigo Tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (modificada polo artigo 11 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) para poder acceder á bonificación, pero non teñen en conta a evolución do custo xeral do servizo dende a aprobación da devandita ordenanza, debe dotarse de un mecanismo de revisión periódico e determinado, que se estudia no apartado C)

A) ACTUALIZACIÓN DAS TAXAS DO LIXO NAS ORDENANZAS FISCAIS POR TRASLADO DA BONIFICACION DE SOGAMA PARA 2019

Consiste en trasladar ás tarifas das vixentes ordenanzas (provinciais e municipais) o equivalente á bonificación sobre o canon único de Sogama acordado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o ano 2019, con efectos de 1 de xaneiro de 2020,

incluíndo unha bonificación única mediante cláusula adicional, equivalente ó importe que lle supondría no exercicio 2019.

O informe da Sección de Residuos e Enerxía de esta Área de Medio Ambiente “Informe Revisado de Xestión da U.X. Provincial do Servizo de Recollida de Residuos Municipais para o exercicio 2018”, de data 18 de febreiro de 2019 e obrante no expediente de referencia 2019/00001769T, recolle na figura 9 (páxina 12) a estrutura de gastos e ingresos, que se resume en:

ESTRUTURA DE CUSTOS 2018			
CONCEPTO	GASTO SOPORTADO		%
	€	(%/parcial)	
RECOLLIDA			
Contenerización			
Amortización	28.091,26 €	(15,03%)	0,45%
Maq. mto. + lava c.	32.661,50 €	(17,48%)	0,52%
M. O. mto.+ lava c.	111.005,41 €	(59,40%)	1,78%
Mat. rep.+mto.+ lavado	15.129,59 €	(8,10%)	0,24%
Total Contenerización	186.887,75 €	(6,18%)	3,00%
Recollida estricta			
Maquinaria			
Combustible	442.918,89 €	(42,55%)	7,11%
Neumáticos	49.397,76 €	(4,75%)	0,79%
Mantemento	52.680,45 €	(5,06%)	0,85%
Reparacións	261.600,82 €	(25,13%)	4,20%
Mo. Sist Pesaxe	0,00 €	(0,00%)	0,00%
Amortización	207.488,25 €	(19,93%)	3,33%
Seguros	26.772,60 €	(2,57%)	0,43%
Suma	1.040.858,77 €	(30,46%)	16,70%
Man de obra			
Custo empresa	2.376.807,70 €		
Suma	2.376.807,70 €	(69,54%)	38,15%
Total Recollida Estricta	3.417.666,47 €	(94,82%)	54,85%
Total RECOLLIDA	3.604.554,22 €		57,85%
TRATAMENTO (e transferencia)			
Sogama	2.563.977,90 €	(97,62%)	41,15%
Voluminosos	62.392,47 €	(2,38%)	1,00%
Total TRATAMENTO	2.626.370,37 €		42,15%
Gastos		6.230.924,59 €	100,00%

É dicir: o custo de tratamento dos residuos que se entregan a Sogama, e que ascendeu a 2.563.977,90 € (IVE incluído), representou na estrutura de custos do ano 2018 o 41,15% do gasto repercutible ós concellos, e por conseguinte financiable coa taxa do lixo.

Por outra banda, o importe do canon único de Sogama nese ano 2018 foi de 75,9 €/t (69,00 €/t máis 10% IVE), que é precisamente sobre o que se aplica o 10% para calcular a bonificación sobre o canon unitario de 2019 (fixado en 69,93 €/t máis IVE)

Por conseguinte, si a bonificación sobre o canon único de Sogama para o ano 2019 é de un 10% sobre o canon único aplicado en 2018, e para ese mesmo ano o peso do custo de SOGAMA sobre a estrutura de custos repercutidos ós concello polo servizo provincial de recollida de RSU foi do 41,15%, conclúese que tal bonificación terá un impacto de abaratamento do 10% sobre o 41,15%, é dicir un - 4,12% (4,115) sobre o custo a soportar polos concellos.

A.1.- No caso concreto dos concellos que aplican a Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense (BOP de 4 de setembro de 2014), trasladar o importe equivalente ao da bonificación ás persoas beneficiarias do servizo mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público para o servizo público de recollida de residuos urbanos, implica modificar as tarifas á baixa consonte o seguinte cadro, no que se reflicte tamén a bonificación adicional polo impacto na retroactividade a 2019:

<u>TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS</u>		-4,12%	
EPÍGRAFES	TARIFA ACTUAL	TARIFA ACTUALIZADA	bonificacion retroactiva
<i>Vivendas</i>			
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	58,00 €	55,61 €	-2,39 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	72,50 €	69,51 €	-2,99 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS		-4,12%	
EPÍGRAFES	TARIFA ACTUAL	TARIFA ACTUALIZADA	bonificación retroactiva
Hoteles, hostais, pensións, casas de hóspedes, por cada 5 habitacións ou fracción	58,00 €	55,61 €	-2,39 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	58,00 €	55,61 €	-2,39 €
<i>Restaurantes e similares</i>			
Restaurantes ata 100 m ²	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Restaurantes de 100- 350 m ²	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
Restaurantes de mais de 350 m ²	580,00 €	556,10 €	-23,90 €
<i>Bares, cafeterías e similares</i>			
Bares, cafeterías e similares	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	58,00 €	55,61 €	-2,39 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música			
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	580,00 €	556,10 €	-23,90 €
Pubs e bares con música e similares	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
Bingos	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
<i>Negocios de alimentación</i>			
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Supermercados e aautoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	406,00 €	389,27 €	-16,73 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m ²	870,00 €	834,16 €	-35,84 €
Carnicerías e pescaderías	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Fruterías	232,00 €	222,44 €	-9,56 €
Confeiterías, panaderías (hornos e despachos de pan)	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
<i>Outros Negocios de</i>			
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 0-100 m ²	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 100-350 m ²	348,00 €	333,66 €	-14,34 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de máis de 350 m ²	580,00 €	556,10 €	-23,90 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	348,00 €	333,66 €	-14,34 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de más de 450 m ²	580,00 €	556,10 €	-23,90 €
<i>Servizos</i>			
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	464,00 €	444,88 €	-19,12 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	116,00 €	111,22 €	-4,78 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	4.930,00 €	4.726,88 €	-203,12 €
Centros penitenciarios, por cada interno	87,00 €	83,42 €	-3,58 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios	87,00 €	83,42 €	-3,58 €
Cines e teatros	116,00 €	111,22 €	-4,78 €
Bancos e caixas de aforros	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
Academias privadas	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Centros docentes sen servizo de comedor	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
Centros docentes con servizo de comedor	580,00 €	556,10 €	-23,90 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	58,00 €	55,61 €	-2,39 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	87,00 €	83,42 €	-3,58 €
Centros de día, de ata 500 m ² totais	232,00 €	222,44 €	-9,56 €
Centros de día de 500 ou máis m ²	406,00 €	389,27 €	-16,73 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
<i>Oficinas, despachos e servizos profesionais</i>			
En locais de 0-100 m ²	58,00 €	55,61 €	-2,39 €
En locais de 100-200 m ²	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
En locais de 200-300 m ²	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
En locais de máis de 350 m ²	406,00 €	389,27 €	-16,73 €
<i>Estacions de servizo</i>			
Gasolineira sen tenda comercial	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Gasolineira con tenda comercial	232,00 €	222,44 €	-9,56 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	58,00 €	55,61 €	-2,39 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m ²	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m ²	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
Talleres mecánicos e chapisterías de mais de 200 m ²	406,00 €	389,27 €	-16,73 €

TARIFAS ESPECIAIS		-4,12%		
EPÍGRAFES		TARIFA ACTUAL	TARIFA ACTUALIZADA	bonificacion retroactiva
<i>Pequenos núcleos rurais</i>				
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		58,00 €	55,61 €	-2,39 €
<i>lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada</i>				
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	232,00 €	222,44 €	-9,56 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	116,00 €	111,22 €	-4,78 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	174,00 €	166,83 €	-7,17 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	580,00 €	556,10 €	-23,90 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	290,00 €	278,05 €	-11,95 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	464,00 €	444,88 €	-19,12 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	580,00 €	556,10 €	-23,90 €

A.2.- Paralelamente ó anterior, para os 6 concellos que manteñen as ordenanzas fiscais provinciais de 2009 e 2011, as tarefas actualizadas e a bonificación adicional retroactiva correspóndense coas seguintes táboas, calculadas de idéntico xeito que as anteriores:

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS		-4,12%		
EPÍGRAFES		TARIFA ACTUAL	TARIFA ACTUALIZADA	bonificacion retroactiva
<i>Vivendas</i>				
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)		50,00 €	47,94 €	-2,06 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)		62,50 €	59,93 €	-2,58 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS		-4,12%		
EPÍGRAFES		TARIFA ACTUAL	TARIFA ACTUALIZADA	bonificacion retroactiva
Hotéis, hostais, pensións, casas de hóspedes, por cada 5 habitacións ou fracción		50,00 €	47,94 €	-2,06 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló		50,00 €	47,94 €	-2,06 €
<i>Restaurantes e similares</i>				
Restaurantes ata 100 m ²		150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Restaurantes de 100- 350 m ²		250,00 €	239,70 €	-10,30 €
Restaurantes de mais de 350 m ²		500,00 €	479,40 €	-20,60 €
<i>Bares, cafeterías e similares</i>				
Bares, cafeterías e similares		150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro		50,00 €	47,94 €	-2,06 €
<i>Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música</i>				
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas		500,00 €	479,40 €	-20,60 €
Pubs e bares con música e similares		250,00 €	239,70 €	-10,30 €
Bingos		150,00 €	143,82 €	-6,18 €
<i>Negocios de alimentación</i>				
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²		150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Supermercados e aautoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²		350,00 €	335,58 €	-14,42 €
Hipermarcados e autoservizos de alimentación de más de 350 m ²		750,00 €	719,10 €	-30,90 €
Carnicerías e pescaderías		150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Fruterías		200,00 €	191,76 €	-8,24 €
Confeiterías, panaderías (hornos e despachos de pan)		150,00 €	143,82 €	-6,18 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS		-4,12%	
EPÍGRAFES	TARIFA ACTUAL	TARIFA ACTUALIZADA	bonificación retroactiva
Outros Negocios de			
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 0-100 m ²	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 100-350 m ²	300,00 €	287,64 €	-12,36 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de máis de 350 m ²	500,00 €	479,40 €	-20,60 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	300,00 €	287,64 €	-12,36 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de máis de 450 m ²	500,00 €	479,40 €	-20,60 €
Servizos			
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	400,00 €	383,52 €	-16,48 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	100,00 €	95,88 €	-4,12 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	4.250,00 €	4.074,90 €	-175,10 €
Centros penitenciarios, por cada interno	75,00 €	71,91 €	-3,09 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios	75,00 €	71,91 €	-3,09 €
Cines e teatros	100,00 €	95,88 €	-4,12 €
Bancos e caixas de aforros	250,00 €	239,70 €	-10,30 €
Academias privadas	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Centros docentes sen servizo de comedor	250,00 €	239,70 €	-10,30 €
Centros docentes con servizo de comedor	500,00 €	479,40 €	-20,60 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	50,00 €	47,94 €	-2,06 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	75,00 €	71,91 €	-3,09 €
Centros de día, de ata 500 m ² totais	200,00 €	191,76 €	-8,24 €
Centros de día de 500 ou máis m ²	350,00 €	335,58 €	-14,42 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Oficinas, despachos e servizos profesionais			
En locais de 0-100 m ²	50,00 €	47,94 €	-2,06 €
En locais de 100-200 m ²	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
En locais de 200-300 m ²	250,00 €	239,70 €	-10,30 €
En locais de máis de 350 m ²	350,00 €	335,58 €	-14,42 €
Estacions de servizo			
Gasolineira sen tenda comercial	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Gasolineira con tenda comercial	200,00 €	191,76 €	-8,24 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	50,00 €	47,94 €	-2,06 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m ²	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m ²	250,00 €	239,70 €	-10,30 €
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m ²	350,00 €	335,58 €	-14,42 €

TARIFAS ESPECIAIS		-4,12%		
EPÍGRAFES	TARIFA ACTUAL	TARIFA ACTUALIZADA	bonificación retroactiva	
Pequenos núcleos rurais				
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes	50,00 €	47,94 €	-2,06 €	
lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada				
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	200,00 €	191,76 €	-8,24 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	100,00 €	95,88 €	-4,12 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	150,00 €	143,82 €	-6,18 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	250,00 €	239,70 €	-10,30 €
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	500,00 €	479,40 €	-20,60 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	250,00 €	239,70 €	-10,30 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	400,00 €	383,52 €	-16,48 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	500,00 €	479,40 €	-20,60 €

Nembargante o anterior, considerando que estas tarifas están sen actualizar dende o ano 2009, e polo tanto non incorporaron (nin trasladaron ós usuarios) o incremento do canon único de 2013, a adhesión de estes concellos á modificación da ordenanza fiscal provincial de 2014 representaría de unha parte o traslado ás tarifas de ese importante incremento de custo, pero tamén o traslado da rebaixa polo impacto da bonificación do canon único para 2019. Por este motivo propónse a derogación de estas ordenanzas obsoletas de 2009 e 2011 e a incorporación dos seis concellos ó artigo 1.1 da ordenanza fiscal de 2014 (BOP de 4 de setembro de 2014), como parte da modificación da devandita ordenanza provincial.

A.3.- Para o resto de ordenanzas fiscais municipais, a modificación a trasladar por este motivo é de unha rebaixa do 4,12% sobre as vixentes en 2019, e a bonificación no primeiro recibo de 2020 será de un importe igual ó da rebaixa de cada tarifa.

B) OUTRAS VARIACIÓNS NO CUSTO DO SERVIZO, SUSCEPTIBLES DE SER TRASLADADAS ÁS TAXAS DO LIXO NAS ORDENANZAS PARA 2020

Carecendo de información sobre a última modificación ou actualización de cada un dos concellos, e dos estudos económicos utilizados en cada caso, é necesario aportar unha metodoloxía válida para a xeneralidade dos afectados, sobre a información que si coñecemos: o custo real soportado nos últimos anos.

Servizo Interprovincial de xestión delegada de rsu	LIQUIDACIÓNS				
	2014	2015	2016	2017	2018
Gasto repercutido revisable	5.242.427,78 €	5.173.877,12 €	5.780.733,65 €	5.801.758,28 €	5.995.345,09 €
Δ do ano 2018 respecto do ano 2017					3,34%
Δ do ano 2018 respecto do ano 2016					4,07%
Δ do ano 2018 respecto do ano 2015					15,88%
Δ do ano 2018 respecto do ano 2014					14,36%

A táboa anterior recolle o incremento de custo soportado polos concellos dende 2014. Convén salientar que o descenso no custo do ano 2014 ó 2015 débese á rebaixa do canon de Sogama (posterior ó forte incremento do ano 2014) e o incremento do custo do 2015 ó 2016 á recuperación dos niveles retributivos do persoal do sector público.

Con todo o anterior, os concellos con ordenanza fiscal propia, terán que trasladar a rebaixa da bonificación do canon único de Sogama (-4,12%), para poder consolidar a bonificación do 10% no custo de tratamento, pero de xeito absoluto ou ben de xeito minimizado nunha determinada cantidade compensatoria do incremento do custo sufrido polo servizo dende a última actualización que teñan aprobado.

Así poderán moverse nun intervalo que vai dende trasladar o 0,00% do incremento de custos dos anos sen revisión de tarifas ata o total de ese incremento de custos, sen esquecer que ó incremento que desexen trasladar ós usuarios do seu termino municipal deberán sempre detraerlle o 4,12% da rebaixa no tratamento (se queren manter o dereito á bonificación de Sogama), así:

Servizo Intermunicipal de RSU	Δ Custo		Bonificación Sogama	Actualizacións posibles
	Ocurrido	Trasladable		
Δ ano 2018 respecto do 2017	3,34%	0,00% a 3,34%	-4,12%	-4,12% a -0,78%
Δ ano 2018 respecto do 2016	4,04%	0,00% a 4,04%	-4,12%	-4,12% a -0,08%
Δ ano 2018 respecto do 2015	15,88%	0,00% a 18,88%	-4,12%	-4,12% a 11,76%
Δ ano 2018 respecto do 2014	14,36%	0,00% a 14,36%	-4,12%	-4,12% a 10,24%

C) REVISIÓN DE TARIFAS PERIÓDICA E PREDETERMINADA MEDIANTE FÓRMULA PREESTABLECIDA.

A actual Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense non inclúe mecanismo algún de actualización dos valores monetarios. Coa actual lexislación, isto é posible conforme á normativa de desindexación mencionada nas Consideración Técnica Previas de este informe, mediante fórmula matemática nos que interveñan índices de evolución ou variación de prezos que non sexan xerais (tipo IPC), senón concretos respecto dos diferentes custos que compoñen a estrutura do servizo. E neste senso, ¿que mais concreto que a evolución do propio custo repercutido ou liquidado ós concellos?

Proponse, en consecuencia a determinación e emprego dun índice de custo repercutado actualizable (CRA) a determinar cada ano, xunto coas liquidacións que esta Deputación practica ós concellos, baseado na variación anual do custo real do servizo.

Repercutado, porque incluírá exclusivamente os custos que a Deputación liquida ós concellos, e que estes deberán afrontar coas taxas da ordenanza fiscal. Neste custo non se contemplan, ademais, os custos financeiros, gastos xerais ou de estrutura ni o beneficio industrial (se se aplicase este último), e que exclúe a normativa de desindexación.

Actualizable (ou revisable), porque de estes custos estarán excluídos, ademais dos anteriores, os de amortizacións.

Para determinar o peso que estes custos revisables teñen na estrutura real do servizo, analizamos as liquidacións dos últimos cinco (5) anos, cuantificando o valor medio (media aritmética)

Servizo	LIQUIDACIÓNS					Media 2014-2018		
	2014	2015	2016	2017	2018	REPERCUTIBLE	REVISABLE	NON REVIS.
Inter provincial								
RECOLLIDA	3.079.337,40 €	3.101.219,83 €	3.547.967,68 €	3.525.507,16 €	3.604.554,23 €	3.371.717,26 €	51,21%	5,65%
contenerizació	273.830,02 €	214.415,83 €	183.347,37 €	182.651,28 €	186.887,76 €	208.226,45 €	2,68%	0,83%
amortizac.	117.369,00 €	43.560,00 €	28.058,12 €	28.058,12 €	28.091,26 €	49.026,50 €		0,83%
maq. manto	37.958,48 €	51.290,59 €	51.997,85 €	47.919,20 €	32.661,50 €	44.365,48 €	0,75%	
m. o. manto	103.249,88 €	105.188,89 €	90.245,95 €	93.678,92 €	111.005,41 €	100.673,81 €	1,70%	
mat. manto	15.252,66 €	14.376,35 €	13.047,85 €	12.997,04 €	15.129,59 €	14.180,68 €	0,24%	
re collida e estric	2.805.607,38 €	2.886.804,00 €	3.364.620,31 €	3.342.855,88 €	3.417.666,47 €	3.163.490,81 €	48,53%	4,82%
persoal	1.813.185,25 €	1.839.038,61 €	2.330.757,14 €	2.230.805,82 €	2.376.807,70 €	2.118.118,90 €	35,72%	
maquinaria	992.322,13 €	1.047.765,39 €	1.033.863,17 €	1.112.050,06 €	1.040.858,77 €	1.045.371,90 €	12,81%	4,82%
com bst.	379.957,18 €	326.992,41 €	369.476,16 €	413.944,79 €	442.918,89 €	386.657,89 €	6,52%	
pneum.	36.574,73 €	41.332,44 €	60.652,51 €	53.792,94 €	49.397,76 €	48.350,08 €	0,82%	
manto	30.209,22 €	34.840,70 €	42.687,03 €	46.637,81 €	52.680,45 €	41.411,04 €	0,70%	
reparac.	180.215,12 €	246.781,37 €	291.851,28 €	326.196,78 €	281.600,82 €	257.729,07 €	4,35%	
amortiz.	364.971,70 €	374.498,06 €	239.673,79 €	242.772,02 €	207.488,25 €	285.880,78 €		4,82%
seguros	20.394,18 €	21.320,41 €	29.522,40 €	28.705,72 €	26.772,60 €	25.343,08 €	0,43%	
TRATAMENTO	2.645.431,08 €	2.490.715,35 €	2.480.495,88 €	2.547.079,26 €	2.626.370,37 €	2.558.018,39 €	43,14%	0,00%
Sogama	2.627.372,08 €	2.461.026,35 €	2.447.501,76 €	2.513.360,85 €	2.563.977,90 €	2.522.647,79 €	42,54%	
Outros	18.059,00 €	29.689,00 €	32.994,12 €	33.718,41 €	62.392,47 €	35.370,60 €	0,60%	
TOTAL	5.724.768,48 €	5.591.935,18 €	6.028.463,56 €	6.072.586,42 €	6.230.924,60 €	5.929.735,65 €	94,35%	5,65%

Conforme ó cadro anterior, resulta que o conxunto dos custos repercutados ós concellos e susceptible de incorporarse a unha actualización periódica e determinada mediante fórmula é do 94,35 %, e o das amortizacións (único custo repercutado non actualizable) é do 5,65 %.

En consecuencia a fórmula de revisión anual das tarifas da “Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense” que se propón é:

$$\text{Coef. de Revisión para A} = \frac{\text{CRA}_{-1}}{\text{CRA}_{-2}} \times 0,9435 + 0,0565$$

Onde:

Coef. de Revisión de A= coeficiente de revisión das tarifas para o ano A, a aplicar sobre a tarifas vixentes no ano anterior (A-1).

CRA₋₁: Sumatorio dos Custos Repercutidos Actualizables (todos agás a amortización) da liquidación practicada para o ano anterior ó da aplicación da revisión (A-1)

CRA₋₂: Sumatorio dos Custos Repercutidos Actualizables (todos agás a amortización) da liquidación practicada para o ano anterior ó do CRA₋₁ (A-2)

De tal xeito que o cociente CRA₋₁/CRA₋₂ representa a variación interanual do custo repercutido actualizable, con un ano de decalaxe (retraso) respecto da actualización de tarifas.

Os valores de CRA₋₁ e CRA₋₂ dedúcense das liquidacións aprobadas anualmente e informadas pola Comisión de Seguimento e Control do Servizo intermunicipal, en réxime de competencia delegada, de recollida de RSU, e no sucesivo indicaríanse expresamente a este efecto.

Os termos fixos da fórmula polinómica suman a unidade, polo que resulta neutra.

IV. Conclusións:

1.- Tódolos concellos que desexen consolidar a bonificación do 10% no canon único de Sogama para 2019 deberán trasladar ás ordenanzas fiscais do lixo unha redución das actuais tarifas equivalente ó 4,12% con efectos de 2020, e establecer unha bonificación (retroactiva) no primeiro recibo de 2020 equivalente ó 4,12% da tarifa correspondente de 2019.

2.- Os concellos poderán facelo adheríndose á modificación da ordenanza provincial (Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense) (A.1), ou modificando as súas propias ordenanzas fiscais, podendo incorporar na modificación a actualización de custos que consideren, dentro dos límites calculados (B)

3.- O xeito de manter actualizadas e acordos coa evolución do custo do servizo as tarifas das ordenanzas fiscais é a de incorporar unha fórmula de revisión, acorde coa normativa de desindexación, proponéndose a seguinte:

$$\text{Coef. de Revisión para A} = \frac{\text{CRA}_{.1}}{\text{CRA}_{.2}} \times 0,9435 + 0,0565 \quad \text{conforme ó indicado en C)}$$